



APROBADAS PROPOSTAS DE DECISIÓN DOS PROXECTOS POCTEP

Ao longo do mes de Novembro, realizáronse as pertinentes reunións dos Comités Territoriais para a avaliación das candidaturas da 2ª convocatoria do POCTEP.

Segundo as cinco diferentes áreas, os pasados días 4, 5, 10, 16 e 17 de Novembro reuníronse os Comités Territoriais do Programa Operativo de Cooperación Transfronterizo España - Portugal 2007 - 2013 (POCTEP). O obxectivo destas reunións era presentar a información xeral sobre o proceso de tramitación, instrución e valoración das candidaturas recibidas para a segunda convocatoria. Ademais, presentáronse os resultados da avaliación dos proxectos, coa finalidade de extraer unha proposta para a decisión final do Comité de Xestión.

Da totalidade de proxectos analizados (268 candidaturas), os pertencentes a nosa área (Área Galicia / Norte) conformaron un total de 84 proxectos. Candidaturas que representaron un 31,3%, posicionándonos na zona onde se estipularon maior número de candidaturas e solicitou maior cantidade económica do FEDER (86,82M€).

En relación a temática mais solicitada, a pertencente ao Eixe 1 (Competitividade e Emprego) foi a que recibiu maior número de candidaturas, seguida do Eixe 2 (Medioambiente e patrimonio) cun 30,2%, do Eixe 4 (Fomento da Cooperación e Integración Socioeconómica) cun 20,5% e finalmente o Eixe 3 (Accesibilidades), a cal representa unicamente un 8,5% das solicitudes nesta convocatoria.

En resumo, todas elas foron analizadas e avaliadas polos Comités Territoriais; polo que o seguinte paso é do Comité de Xestión, quen ten previsto reunirse a primeiros do 2011 coa finalidade de tomar unha decisión final e notificar aos principais beneficiarios a resolución final.

Fonte: Programa de Cooperación Transfronteriza España - Portugal



CONVOCATORIA PARA Á AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE

O pasado 8 de novembro publicouse no DOG unha nova convocatoria para o ano 2010 das probas de avaliación en competencias clave para acceder aos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional, dentro das accións de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma Galega.

A finalidade é asegurar que o alumnado posúa as competencias clave suficientes para cursar con aproveitamento a formación dos certificados de profesionalidade que se programen en calquera acción formativa para o emprego, como os programas mixtos de formación e emprego (escolas taller, casas de oficio e talleres de emprego).

As competencias clave que se convocan comprenden nove áreas de coñecemento:

Lingua galega	Tecnoloxía
Lingua castelá	Dixital
Lingua estranxeira (inglés)	Sociais (Xeografía)
Matemática	Sociais (Historia)
Ciencia	

Poderán presentarse aquelas persoas maiores de 16 anos que queiran cursar un certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3 e non estean en posesión da titulación ou certificación oficial requirida.

TITULACIÓN OFICIAL REQUIRIDA PARA O ACCESO AO NIVEL 2	TITULACIÓN OFICIAL REQUIRIDA PARA O ACCESO AO NIVEL 3
- o título de Graduado en ESO	- o título de Bacharelato
- ter un certificado de nivel 1 da mesma familia e área profesional, ou	- ter un certificado de nivel 2 da mesma familia e área profesional, ou
- un certificado de nivel 2.	- un certificado de nivel 3.



As persoas aspirantes deberán xuntar á súa solicitude de inscrición: a fotocopia do documento nacional de identidade, ou número de identificación de estranxeiro ou do pasaporte, e, no seu caso, o certificado acreditativo de discapacidade en vigor, xa que se contempla a adaptación das probas cun grao polo menos do 33%.

As probas terán lugar no recinto feiral de Silleda (Pontevedra), no seguinte calendario:

PRAZOS	DATAS
Presentación solicitudes no rexistro da Consellería de Traballo e Benestar	30 de novembro de 2010
Realización Probas Nivel 2	14 e 15 de xaneiro de 2011
Realización Probas Nivel 3	21 e 22 de xaneiro de 2011
Resultados definitivos das probas	12 de febreiro de 2011

Podes consultar a convocatoria na web da Consellería de Traballo:
http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/formacion_cualificaciones/competencias_clave



TRABALLO INTENSIFICA AS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

En España o gasto público destinado a políticas de emprego é similar ou maior ao de parte de países europeos, pero hai un enorme desequilibrio cando se compara a proporción destinada a políticas pasivas (desempregados) e a políticas activas (emprego). Po iso, trátase conseguir que as políticas activas de emprego sexan dinamizadoras e axuden a reducir o problema do desemprego.

Os criterios ou propostas que o Ministerio quere aplicar para mellorar as políticas activas de emprego en España son:



1) Mellorar o funcionamento dos servizos públicos de emprego:

- Transformar os servizos públicos de emprego
- Personalizar os servizos aos desempregados
- Avaliar os resultados dos servizos públicos de emprego e axencias privadas de colocación.

2) Lograr unha maior conexión entre políticas activas:

- Vincular as prestacións que reciben os desempregados a súa participación en programas de formación e a súa busca activa de emprego
- Permitir alternativas de xubilación flexibles

3) Diseñar itinerarios de formación e traxectorias profesionais para desempregados:

- Elaborar programas de formación e reubicación profesional para desempregados.

4) Mellorar a oferta de formación e a súa calidade:

- Aumentar a calidade media dos recursos de formación para desempregados

5) Promover iniciativas innovadoras por parte dos desempregados:

- Incentivar a creación de "empresas en prácticas"

6) Xerar novos tipos de emprego + formación:

- Introducir a figura do "desempregado-traballador" e ter a posibilidade de combinar salario e subsidio.
 - Crear un sistema de rotación-substitución para promover unha maior conciliación entre a vida laboral e persoal.
 - Xerar empregos públicos cun elevado compoñente de formación
-



PROBAS PARA CARNÉS PROFESIONAIS

Nestes días (do 15 ao 26 de novembro), estanse a desenvolver as probas para a obtención de carnes profesionais en diferentes centros integrados de formación profesional de Galicia.

Mais de 800 persoas están a intentar sacar o carné profesional de instalador de liñas de alta tensión, de gas, de guindastre torre, de operador industrial de caldeiras, de produtos petrolíferos líquidos, de instalacións térmicas de edificios ou cualificación individual en baixa tensión e de reparador frigorista entre outros.

A proba ten unha parte teórica e outra práctica e nalgunha das especialidades como na de instalador de fontanería, para acceder a mesma hai que acreditar unha titulación equivalente a actual normativa sobre instalacións interiores de subministro de augas de Galicia ou ben acreditar unha experiencia laboral de alomenos dous anos como oficial técnico nunca empresa de fontanería autorizada coa correspondente titulación de FP.

Entre as persoas que se están a presentar temos profesionais dos diferentes sectores que teñen sobrada experiencia pero sen acreditación de ningún título, outros que xa teñen FP pero precisan destes certificados de profesionalidade para complementar a súa formación de cara o acceso a determinados sectores ou para poder asinar proxectos e tamén poidemos atopar algunhas alumnas traballadoras dos obradoiros de emprego (OE Os Prados do Concello da Lama) que queren certificar os coñecementos que están a adquirir no seu proxecto de formación e emprego.

Fonte: Faro de Vigo



RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL

Recentemente a Consellería de Traballo e Benestar celebrou unha xornada sobre responsabilidade social empresarial na que participou Juan de la Mota, representante do Pacto Mundial das Nacións Unidas, órgano que leva máis de dez anos intentando introducir esta ferramenta en todo tipo de entidades coa finalidade de concienciar as mesmas na busca do beneficio tendo en conta o respecto social e medioambiental.

Dentro da web do Pacto Mundial das Nacións Unidas existen ferramentas gratuítas para a implantación da RSE en dúas versións, unha para grandes empresas e outra para pemes, ao marxe doutros talleres gratuítos.

A Consellería de Traballo e Benestar ten a intención de difundir esta política entre as empresas do ámbito galego, o cal reflectirase no Plan estratéxico 2011-2014 que se está discutindo na actualidade e que neste ámbito, basearase en que as empresas teñen como primeiro obxectivo os beneficios, pero tendo en conta outros factores como as relacións cos seus propios traballadores mellorando por exemplo a conciliación coa vida persoal e o seu grado de satisfacción co traballo, dando maior confianza aos provedores e aos clientes e sempre tentando que a súa produción cause o menor dano posible ao medio ambiente no que viven. Outras iniciativas serán a posta en marcha dun premio anual que recoñeza a aplicación destas ferramentas e que outorgue un distintivo aos agraciados, así como o acceso a asesoramento e unha liña de axudas.

Todas estas medidas pretenden aumentar o coñecemento e uso destas novas ferramentas e metodoloxías que ata agora aínda resultan pouco coñecidas dentro do ámbito galego.

Fonte: Voz de Galicia



A XUNTA SOLICITA FONDOS EUROPEOS A BRUXELAS A PARTIR DO 2013

A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, remitiuse ao comisario europeo de Política Rexional, Johannes Hahn para solicitar que Galicia siga recibindo fondos comunitarios máis alá do 2013 para acadar os obxectivos da Estratexia da Unión Europea 2020, posto que ás dificultades inherentes á consolidación da saída do Obxectivo Convergencia, únese a necesidade de sentar os piares dun novo modelo de crecemento.

Fernández Currás lembra que o desenvolvemento experimentado por Galicia non sería posible sen a existencia dunha política de cohesión da UE e salienta que a efectividade dos instrumentos de política rexional da Comisión Europea permitiu superar a barreira do 75% do PIB per cápita correspondente á media comunitaria. Tamén resalta, que Galicia acaba de formular un Plan Estratéxico 2010-2014-Horizonte 2020, orientado a construír un novo modelo económico baseado no crecemento intelixente, sostible e integrador.

Por iso, asegura que resulta necesario articular unha axuda transitoria para as rexións europeas que, como Galicia, abandonarán por primeira vez o Obxectivo Convergencia coa finalidade de consolidar en termos reais esta saída e poder prepararse para o novo escenario.

A titular de Facenda sinala que Galicia formulou e liderou desde hai un ano e medio a iniciativa Convergence Regions on the Way to Cohesion (CROWC), para reivindicar unha axuda transitoria a partir do ano 2013 que evite unha redución drástica dos fondos (a partir do 2013 Galicia perderá os case 5.600 millóns de euros que recibe da UE) e garanta a estabilidade financeira suficiente para dar continuidade á liña de desenvolvemento harmónico e equilibrado que mantivo durante os anteriores períodos. No marco de CROWC, Galicia mantivo encontros bilaterais e colectivos con todas as rexións afectadas que contan con representación en Bruxelas.

Fonte: La voz de Galicia

